



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 28 de xaneiro de 2022 (1136/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego (virtual)  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font (virtual)  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira (virtual)  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (virtual)  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cinco minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(48).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión acta da sesión extraordinaria do 19 de xaneiro e ordinaria do 21 de xaneiro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(49).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL COMO MEMBRO DO PADROADO DA FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE (FUNDACIÓN VIDE). EXPTE. 1699/110.**

Dáse conta da proposta de data 19/01/2021, asinada polo secretario Xeral do Pleno e polo alcalde, que di o seguinte:

A Fundación Vigo en Deporte (VIDE) foi constituída no mes de novembro do ano 2001, atópase inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2001/36. En data 27.04.2021 o Padroado da Fundación Vigo aprobou a modificación dos seus Estatutos co fin de adaptalos á nova realidade da súa composición; elevados a documento público o día 3.05.2021, obtiveron a aprobación do Protectorado (Xunta de Galicia) en data 26.05.2021. Os Estatutos, no artigo 11 indican que o Padroado integrárase por un mínimo de tres membros, incluída a Presidencia, e que haberá un mínimo de dous vogais; pola a súa parte o artigo 14 sinala que dentro do número máximo de catro vogais, dous designaranse polo Concello de Vigo e outros dous polas entidades benfeitoras. O día de hoxe é membro do Padroado o concelleiro-delegado de Deportes que ven desempeñando, por delegación do alcalde, a Presidencia do Padroado; o fin de posibilitar o funcionamento normal do Padroado corresponde o Concello (Xunta de Goberno Local) nomear un novo vogal; os efectos sinalados propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### ACORDO

**Primeiro.-** Designar á concelleira delegada de Seguridade D.<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana membro do Padroado da Fundación Vigo en Deporte (Fundación VIDE).

**Segundo.-** Notificar o presente acordo á concelleira delegada ao obxecto de que proceda a aceptar o cargo na próxima reunión do Padroado da Fundación VIDE.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo o secretario da Fundación VIDE e o Protectorado de Fundacións da Xunta de Galicia.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **3(50).-DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30/12/2021 DE REAXUSTE DAS ANUALIDADES 2021-2022 DO CONTRATO DO SERVIZO DE CREACIÓN E DIFUSIÓN DE CAMPAÑAS E ACCIÓNS INSTITUCIONAIS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PROMOVIDAS DENDE O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18834/101.**

Visto o informe de fiscalización de data 25/01/2022, dáse conta do informe-proposta do 21/01/2022, asinado pola xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### Antecedentes.

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de febreiro de 2021, adoptou o acordo de adxudicar a ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) o “procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo” (18.174-101) por un prezo total de 1.387.835,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 240.863,98 euros.



## Concello de Vigo

No antedito acordo establecece que o importe máximo do contrato 1.387.835,32 € con cargo as aplicacións orzamentarias:

- 9120.2279906 (produción e seguimento de medios) por importe de 280.381,15 €
- 9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais, por importe de 1.107.454,17€

**Segundo.-** Con data 15 de marzo de 2021 a xefa da unidade administrativa coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño emite informe sobre as anualidades do contrato da prestación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o Concello de Vigo (trámite 389 do expediente) sendo os importes para cada anualidade os seguintes:

➤ **Ano 2021:**

9120.2279906 (produción e seguimento de medios) 262.381,15 €

9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais, 1.071.454,17€

➤ **Ano 2022:**

9120.2279906 (produción e seguimento de medios) por importe de 18.000 €

9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais) por importe de 36.000 €

**Terceiro.-** Con data 3 de marzo de 2021 asinouse o contrato relativo ao procedemento aberto para a “contratación da prestación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo” (expediente nº 18174) cuxa adxudicación a favor de ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. CIF.: B-36614808 foi aprobada pola Xunta de GOBERNO Local con data 4 de febreiro de 2021. Procedese pola Intervención xeral a realización dos seguintes documentos económicos:

Anualidade 2021:

- Documento económico D 32269 con cargo á aplicación 9120.2279906 con un importe inicial de 262.381,15 euros e un saldo a data 30 de decembro de 127.584,13 euros.

- Documento económico D 32270 con cargo a la aplicación 9121 2260200 con un importe inicial de 1.071.454,17 euros e un saldo a data 30 de decembro de 138.056,01 euros.

Anualidade 2022:

- Documento económico ADFUT 32273 con cargo á aplicación 9120.2279906 con un importe de 18.000 euros.

- Documento económico ADFUT 32274 con cargo a la aplicación 9121 2260200 con un importe 36.000 euros.

**Cuarto.-** Con data 30 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente adoptou o acordo de “Reaxuste das anualidades 2021-2022 do contrato do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o Concello de Vigo. Expte. 18834/101”.

**Quinto.-** Con data 13 de decembro de 2022, solicítase a incorporación ao vixente orzamento das remanentes das seguintes aplicacións orzamentarias: 9120.2279906 por un importe de 79.513,46 € e 9121.2260200 por un importe de 10.166,50 €

## **INFORME**

Á vista do exposto nos antecedentes, infórmase da necesidade de deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2021 (sesión extraordinaria e urxente) de “Reaxuste das anualidades 2021-2022 do contrato do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o Concello de Vigo. Expte. 18834/101”, en base a incorporación de remanentes no vixente orzamento 2022 dos saldos das seguintes aplicacións orzamentarias: 9120.2279906 por un importe de 79.513,46 € e 9121.2260200 por un importe de 10.166,50 €

Polo que en virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e á vista das anteriores circunstancias e previo o informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

## **PROPOSTA:**

“ Deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 30/12/2021 (sesión extraordinaria e urxente) de “Reaxuste das anualidades 2021-2022 do contrato do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (expte. 18174/101), en base á incorporación de remanentes ao vixente orzamento 2022 dos saldos das seguintes aplicacións orzamentarias: 9120.2279906 por un importe de 79.513,46 € e 9121.2260200 por un importe de 10.166,50 €.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **4(51).-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FROITAS E HORTALIZAS PARA A FAUNA DE VIGOZOO. EXPTE. 11157/612.**

Visto o informe de fiscalización de data 20/01/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de Vigozoo (11.157-612)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de VigoZoo (11.157-612)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 3 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de froias e hortalizas para a fauna de VigoZoo (exp. 11157-612).*

*SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 15/10/21 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 17/11/21.*

*TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 45.847,88 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (1.763,38 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.02 “Froitas Animais”.*

*CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de xaneiro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de Vigozoo (11.157-612) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>% baixa ofertada</b>
1	FRUTAS NIEVES, S.L.	20,2182
2	MERCASH, S.L.U.	2,00

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FRUTAS NIEVES, S.L. (B-36.628.196), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FRUTAS NIEVES, S.L., o día 17 de xaneiro de 2022, que presenta a documentación requirida o 19 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 20 de xaneiro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FRUTAS NIEVES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FRUTAS NIEVES, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis a través de fórmula, de data 14 de xaneiro de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FRUTAS NIEVES, S.L. (B-36.628.196) o procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de Vigozoo (11.157-612) por un prezo total de 45.847,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.763,38 euros e cunha porcentaxe do 20,2182% a aplicar aos prezos unitarios recollidos na cláusula 1 do PPT.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*



## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(52).-BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. EXPTE. 18713/77.**

Visto o informe de fiscalización do 18/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 12/01/2022, asinado pola técnica de Xestión, a técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

##### **I. Obxecto:**

Desde a Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, procédese á tramitación da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2021 ata o 31 de xullo de 2022.**

Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir a porcentaxe de desempregados/as na cidade mediante a contratación do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

##### **II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás

entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

### **III. Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo:





## Concello de Vigo

- |   |                                |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais”    | Epígrafes 10.1 e 10.5.         |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.     |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais”         | Epígrafes 5.1                  |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”.          | Epígrafes 5.2                  |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”.            | Epígrafe 10.7                  |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas”             | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

### IV. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

### V. Tramitación:

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Base 1ª: modifícase o período dos gastos subvencionables para permitir o financiamento daqueles nos que incorran as entidades beneficiarias, tras a finalización do período subvencionable da convocatoria do ano 2021 (31/07/2021) comprendendo, deste xeito, dende o 1 de agosto de 2021 ata o 31 de xullo de 2022.

- Base 2ª: actualízase ao 1 de xaneiro de 2021 a data límite de empadramento das persoas a contratar con cargo á presente convocatoria.

- Base 3ª: Se establece un período máximo subvencionado de 9 meses por cada posto de traballo solicitado.

Se exceptúa da obriga de realización do proceso de selección, para as contratacións de persoal formalizadas dentro da convocatoria do ano 2021 seguindo o procedemento da Base 13ª.1 que se mantiveran viventes, sen interrupción, máis aló do 31/07/2021, isto é, unha vez finalizado o período de gastos subvencionables naquela convocatoria.

Se reduce, como gasto subvencionable, ao 20 % dos custes salariais e de seguridade social do/a traballador/a a cargo da entidade.

- Base 9: no caso de solicitar subvención para gastos de persoal derivados de contratos formalizados na anterior convocatoria deberá facerse constar en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no Anexo V.

A certificación do/a secretario/a deberá indicar, tamén, o número de socios.

- Na base 10ª, se engade o criterio de valoración “Representatividade da entidade” (ata 2 puntos) distribuíndose a puntuación en función do número de socios indicados no certificado ao que fai referencia o parágrafo anterior.

- Base 13.3.1ª: o ámbito temporal ao que deberá circunscribirse o cumprimento do requisito da demanda de emprego, se establece dende a data de publicación da oferta da entidade e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de currículums.

- Anexo III: na declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas se engadiu o inciso *“para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade”*.

## **VI. Normativa de aplicación:**

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **VII. Contía total e crédito orzamentario:**

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2022 do Concello de Vigo é de **1.140.000,00 €** (un millón cento corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos entre os distintos programas de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de



## Concello de Vigo

crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

### VIII. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

### IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

## PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe de 1.140.000,00 € (un millón cento corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” correspondentes ao ano 2022 e os modelos de formularios oficiais que se xuntan como Anexos ao presente acordo.

**TERCEIRO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2022.**

### **BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

#### **Obxecto:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas



## Concello de Vigo

legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2021 ata o 31 de xullo de 2022.**

### **Finalidade:**

Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir, nestes anos de crise, a porcentaxe de desempregados/as na cidade mediante a contratación do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2021.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sociais, empresariais, deportivas e ás comunidade de montes, para a mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dos máis desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.

- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

### **Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- |   |                                |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais”    | Epígrafes 10.1 e 10.5.         |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.     |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais”         | Epígrafe 5.1                   |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”.          | Epígrafes 5.2                  |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”.            | Epígrafe 10.7                  |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas”             | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

### **BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no epígrafe correspondente, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. (DEBERÁN ACHEGAR CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA DA ENTIDADE)



## Concello de Vigo

5. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

6. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo IV** cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

7. Que as persoas físicas que ostentan a representación legal das entidades beneficiarias e os seus membros asociados, non estean incursas nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

8. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.

9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

10. Que realicen convocatoria pública da oferta de emprego de acordo co establecido na Base 13ª.

### BASE 3º.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1. A subvención cubre os **gastos salariais e de Seguridade Social** das persoas traballadoras contratadas **dende o 1/08/2021 ata o 31/07/2022** que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas.

Se establece un período máximo subvencionado de **9 meses** por cada posto de traballo solicitado.

Todas as contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección previsto na **Base 13ª.1**

Non obstante o anterior, para as contratacións formalizadas no período de gastos subvencionable (a partir do 1/08/2021) e con anterioridade á publicación desta convocatoria de subvencións, os requisitos de publicidade referidos no parágrafo anterior se poderán suplir pola existencia de acreditación da publicidade da oferta de emprego, a través do taboleiro de anuncios, redes sociais, páxina web da entidade, e/ou presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, segundo o disposto na **Base 13ª.2**.

Non será exigible a realización do dito procedemento de selección, no caso do persoal cuxos contratos xa foran formalizados dentro da convocatoria do ano 2021 seguindo o procedemento da Base 13ª.1 e se mantiveran vixentes sen interrupción máis aló do 31/07/2021, isto é, unha vez finalizado o período de gastos subvencionables naquela convocatoria.

En todo caso, sexa cal fose o sistema de publicidade da oferta de emprego, só serán subvencionables os gastos do persoal contratado, sempre e cando concorran os requisitos previstos na **Base 13ª.3**

**Cando se solicite subvención para o financiamento dos custes salariais de varios postos de traballo esixirase, cando menos, que o número mínimo de persoas que reflicte a seguinte táboa, non teñan sido contratadas** pola entidade solicitante da axuda, nos **24 meses anteriores á publicación** desta convocatoria e con cargo ao programa de subvencións de fomento de emprego de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo:

<b>Nº total de postos do proxecto subvencionado</b>	<b>Persoas que non teña sido contratadas nos 24 meses anteriores</b>
2 postos de traballo	Mínimo 1 persoa
3 postos de traballo	Mínimo 1 persoa
4 postos de traballo	Mínimo 2 persoas
5 postos de traballo	Mínimo 2 persoas
6 postos de traballo	Mínimo 3 persoas
7 postos de traballo	Mínimo 3 persoas
8 postos de traballo	Mínimo 4 persoas
9 postos de traballo	Mínimo 4 persoas
10 postos de traballo ou máis	Mínimo 50% de persoas

**\* Esta porcentaxe do 50% será o mínimo esixible aínda no caso de que o número de postos a contratar sexa impar, redondeándose cara arriba, de xeito que o número de postos de novo persoal contratado en ningún caso poderá ser inferior á dita porcentaxe do 50 %**

O requisito anterior debe cumprirse con respecto de todas as contratacións realizadas.

Así mesmo, serán subvencionables os seguintes gastos:

- Ata un máximo do 20 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a cunha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente acreditada no **Anexo V**, para a dirección e/ou coordinación do proxecto. O período máximo subvencionado dos gastos do persoal da entidade non poderá ser superior ao do persoal de nova contratación

- Os gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

2. En ningún caso serán subvencionables os seguintes conceptos:

- A indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores.
- Os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.
- As vacacións pagadas, pero non desfrutadas.
- As horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.
- Intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- Os gastos de procedementos xudiciais





## Concello de Vigo

### g) Custes salariais derivados de baixas temporais

No suposto de baixas temporais:

1. No caso de substitución da persoa traballadora titular, só serán subvencionables os custos salariais correspondentes á persoa traballadora substituta. A entidade beneficiaria da subvención deberá facerse cargo dos sobrecustos derivados das substitucións
2. No caso de que non se substitúa a persoa traballadora titular, deberán deducirse e, de selo caso, reintegrarse os gastos salariais correspondentes ao período de baixa

O custo dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

### BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2022) do Concello de Vigo é de **1.140.000,00 €** (un millón cento corenta e mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 20.000,00 € (vinte mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 20.000 €.
- 4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).**
- 6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 200.000,00 € (douscentos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

### BASE 5ª.- ANTICIPO A CONTA

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da **contía total** da axuda outorgada polo Concello, previa petición razoada da

entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

En todo caso, a entidade deberá achegar, xunto coa solicitude de anticipo, a documentación acreditativa da realización do/s proceso/s de selección e conforme aos requisitos previstos na Base 13ª, todo elo, de conformidade co disposto na Base 14.3ª, de xeito que, se este extremo non quedase acreditado, non se poderá proceder ao pago do anticipo, salvo cando a documentación presentada integrante do dito proceso poda ser obxecto de emenda, en cuxo caso, se lle concederá un prazo de 10 días hábiles para a súa subsanación.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

#### **BASE 6ª.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCiónS**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

#### **BASE 7ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS**

As entidades beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:



## Concello de Vigo

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todo lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo VII** aprobado nesta convocatoria para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2022, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.
4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
12. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

### **BASE 8ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede

electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e **asinadas electronicamente** con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

### **BASE 9ª.- DOCUMENTACIÓN**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

#### **a) Anexo I: Solicitude:**

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante
- dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- sinatura electrónica: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

No caso de solicitar subvención para os gastos de persoal cuxos contratos xa foran formalizados dentro da convocatoria das subvencións do fomento do emprego do ano 2021 seguindo o procedemento da Base 13ª.1 e se mantiveran vixentes, sen interrupción, máis aló do 31/07/2021, a entidade solicitante deberá facelo constar así, en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no Anexo V.

#### **b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente**



## Concello de Vigo

**c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas asinada electronicamente.**

**d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran

**e) Anexo V: Proxecto de contratacións a realizar asinado electronicamente**

**f) Certificación asinada polo/a secretario/a** ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargo, nome, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste o **nº de socios** e se a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

**g)** Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

## BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.

1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Cultura e Emprego, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.

a) Participación en convocatorias de fomento do emprego.....ata 4 puntos:

- Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos
- Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
- Unha (1) convocatoria .....2 puntos

b) Calidade das xustificacións do importe das axudas (\*).....ata 4 puntos:

- Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
- Superior ó 85%.....4 puntos

(\*) Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de "Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro", inmediatamente anterior á presente convocatoria.

2. Representatividade da entidade.....Ata 2 puntos

Nº Socios

De 500 a 1000 socios	1 punto
De 1001 a 1500 socios ou mais	2 punto

3. Calidade do proxecto.....Ata 10 puntos

3.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais....Ata 2 puntos
- b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos



## Concello de Vigo

- c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.....Ata 2 puntos
- d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos
- e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 1 punto
- f) Formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención.....Ata 1 puntos
- g) Control de calidade (enquisas de calidade).....Ata 1 puntos

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de tres puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

- 4. Calidade e cantidade dos contratos.-.....Ata 30 puntos.
  - 4.1. Número de beneficiarios/as.....1 punto por contrato.
  - 4.2. O tempo de duración do contrato:
    - a) 2 meses..... 1,00 punto por contrato.
    - b) 3 meses.....1,25 puntos por contrato.
    - c) 4 meses.....1,50 puntos por contrato.
    - d) 5 meses.....1,75 puntos por contrato.
    - e) 6 meses.....2,00 puntos por contrato.
    - f) 7 meses ou máis.....2,25 puntos por contrato.
  - 4.3. Xornada:
    - a) Completa.....1,00 puntos por contrato
    - b) Reducida superior ao 50% da xornada.....0,75 puntos por contrato
    - c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%.....0,50 puntos por contrato
    - d) Reducida igual ou inferior ao 15%.....0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo.

### **BASE 11ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN**

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimaranse as seguintes solicitudes:

- 1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

## 2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aquelas solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Cultura e Emprego, no vixente exercicio orzamentario.

## **BASE 12ª.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.





## Concello de Vigo

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Cultura e Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderase modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas. A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtúe os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%
3. Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase

constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**8. Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.



## Concello de Vigo

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, no vindeiro exercicio orzamentario.

12. O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

### **BASE 13ª.- SELECCIÓN DE PERSOAL POLAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS**

#### **13.1. PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL CON POSTERIORIDADE Á PUBLICACIÓN DESTA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN**

**As entidades solicitantes deberán realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, 5 días antes da realización da selección mediante os seguintes medios:**

- a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade
- b) Inserción na páxina web municipal “Asociacións en rede” (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido no **Anexo VI ( Oferta de emprego asinada electronicamente**, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org), cando menos **cun día hábil de antelación** á data de publicación, indicando no asunto **“OFERTA DE EMPREGO SUBVENCIÓN FOMENTO”**
- c) Exposición da convocatoria pública da oferta de emprego no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e no Centro de Iniciativas de Emprego, no formato establecido no **Anexo VI (Oferta de emprego asinada electronicamente**, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org), cando menos **cun día hábil de antelación** á data de publicación, indicando no asunto **“OFERTA DE EMPREGO SUBVENCIÓN FOMENTO”**

Unha vez efectuada a publicación da oferta na páxina web municipal “Asociacións en rede” polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a través do enderezo de correo electrónico facilitado pola entidade solicitante, se lle remitirá mensaxe de confirmación da

publicación ou, de selo caso, o requirimento de emenda cando a oferta non se axuste ao disposto nestas bases ou ao proxecto (Anexo V)

O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, a entidade beneficiaria poderá acordar a selección e proceder á súa contratación. A documentación xustificativa do dito proceso será remitida xunto coa xustificación e solicitude de pago da axuda, conforme ao previsto na Base 14ª, ou ben, de selo caso, xunto coa solicitude de anticipo.

Cando se produza o cese ou interrupción do contrato de traballo da persoa contratada por causa de baixa temporal ou outra debidamente acreditada, a entidade deberá comunicalo motivadamente ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego propondo, de selo caso, a súa substitución polo/a seguinte candidato/a da listaxe de suplentes, ata esgotar a listaxe de reserva. Soamente no suposto de non haber suplentes, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente, se poderá solicitar unha nova convocatoria do proceso de selección.

A selección do persoal deberá axustarse ao solicitado no Proxecto de contratacións (Anexo V), de xeito que, unha vez aprobada a concesión da subvención non se poderán realizar modificacións dos postos de traballo a contratar previstos no dito proxecto salvo no suposto excepcional derivado de circunstancias que non se puideron prever no momento da súa presentación, en cuxo caso, previa solicitude razoada da entidade beneficiaria na que se acrediten debidamente as circunstancias concorrentes, se poderá proceder á modificación do posto de traballo solicitado, sempre que permanezan inalterables as demais características do proxecto de contratación, especialmente, en canto ao número de postos e a categoría ou grupo profesional, e que a modificación non supoña incremento do importe inicialmente solicitado, debendo obter a **conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego con carácter previo á convocatoria do proceso de selección.**

### **13.2 EXCEPCIÓNS AO PROCEDIMENTO PREVISTO NO PARÁGRAFO ANTERIOR**

Para as contratacións de persoal realizadas dentro do período subvencionable (a partir do 1/08/2021) e antes da publicación desta convocatoria de subvencións, as entidades beneficiarias da axuda deberán acreditar a publicidade da oferta de emprego, a través do seu taboleiro de anuncios, páxina web e redes sociais e/ou a presentación da oferta no emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, debendo concorrer, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos que se indican na **Base 13.3**

Cando se produza o cese ou interrupción do contrato de traballo da persoa contratada por causa de baixa temporal ou outra debidamente acreditada, a entidade deberá seguir o procedemento indicado **Base 13.1ª** para proceder á provisión do posto vacante.

No caso do persoal cuxos contratos foran formalizados dentro da convocatoria das subvencións do fomento do emprego do ano 2021 seguindo o procedemento da Base 13ª.1 e se mantiveran vixentes, sen interrupción, máis aló do 31/07/2021, isto é, unha vez



## Concello de Vigo

finalizado o período de gastos subvencionables naquela convocatoria, a entidade solicitante deberá facelo constar así, en documento adxunto á solicitude de subvención, de acordo co disposto na Base 9ª, é dicir, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, todo elo sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no **Anexo V**.

### 13.3 REQUISITOS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

**Todo o persoal seleccionado pola entidade, nas convocatorias de ofertas de emprego realizadas con anterioridade ou posterioridade á publicación desta convocatoria de subvencións deberán cumprir cos seguintes requisitos:**

1. Inscripción como demandante de emprego, cando menos, dende a data da publicación da oferta de emprego formulada pola entidade e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación e recepción de currículums polas persoas interesadas en participar no proceso, establecido na dita oferta.
2. Empadramento no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2021.
3. Cumprimento, cando menos, do número mínimo esixido **de persoas seleccionadas segundo a táboa da Base 3ª.1, que non teñan sido contratadas** pola entidade solicitante da axuda, nos **24 meses anteriores á publicación** desta convocatoria
4. Non ostentar cargo ou posto na xunta directiva ou órgano de goberno da entidade á data de publicación da convocatoria de subvencións ou posterior.

Os anteriores requisitos deberán cumprirse no momento da selección e da contratación debendo ser verificados polas entidades solicitantes, sen prexuízo da realización das oportunas comprobacións posteriores polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego

### BASE 14ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de xullo, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 31 de agosto de 2022**.

A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa** que estará integrada pola documentación que se indica a continuación:

**1º Declaración responsable asinada electronicamente (Anexo VIII)** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

**2º Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente (Anexo IX)**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, no que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:
  - Novas contratacións:
    - Denominación do/s posto/s.
    - Perfís profesionais
    - Persoas contratadas.
    - Período de contratación.
    - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
  - Denominación do posto.
  - Perfil profesional.
  - Persoa asignada ao proxecto.
  - Período de traballo.
  - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Nos cursos de formación realizados ao persoal contratado con cargo a subvencións explicitarase:
  - Programa do curso.
  - Horas de formación.
  - Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
  - Datas e lugar de celebración.
  - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

### 3º) Memoria das contratacións realizadas con cargo á subvencións, conforme á Base 13ª

As entidades beneficiarias deberán acreditar o cumprimento do disposto na Base 13ª en canto ao procedemento de selección do persoal, en particular, a realización da convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), b) e c) da devandita Base, debendo remitir, en documento aparte, a documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, indicando no asunto **“DOCUMENTACIÓN BASE 13 PROCESO SELECCIÓN SUBVENCIONES FOMENTO DO EMPREGO”** e tal e como se indica a continuación:



## Concello de Vigo

- a) Certificado do/a secretario/a da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar e a publicación da/s oferta/s de emprego na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade.
- b) Certificado do/a secretario/a da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes.
- c) DNI, tarxeta de demanda de emprego, certificado de empadramento e currículum das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houbera.
- d) Declaración responsable do/a representante da entidade conforme, cando menos, o mínimo esixido na Base 3ª.1 da/s persoa/s seleccionada/s non teñen sido contratadas pola entidade beneficiaria da axuda nos 24 meses anteriores ao da publicación desta convocatoria, con cargo a este programa de subvencións de fomento do emprego do Concello de Vigo e que, cando menos, dende a data da publicación da convocatoria non ostentaban nin ocupan cargo algún na xunta directiva ou órgano de goberno da entidade
- e) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

4º) **Memoria económica:** as entidades beneficiarias achegarán a través da sede electrónica unha memoria económica **asinada electronicamente en .pdf** coa relación dos **custos salariais e de seguridade social**, así coma dos **outros custos** (gastos financeiros e de xestión), segundo o modelo a disposición na sede electrónica (**Anexo X - folla de cálculo**, que tamén remitirán por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org)), que incluírá unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente. Indicarán o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada:

- **Custos salariais:** para a xustificación das retribucións de persoal achegarán a seguinte documentación:

1. Contrato de traballo do/s novo/s traballador/es contratados
2. Contrato de traballo e/ou vida laboral do persoal da entidade con cargo á subvención
3. Nóminas correspondente aos meses imputados
4. Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (xunto co seu xustificante de pago) e Relación nominal de traballadores.
5. Modelo 111 (Impreso da liquidación nominal do IRPF) (xunto cos xustificantes do seu pagamento).
6. Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións).

- **Outros custos:** reflectiranse na táboa correspondente do **Anexo X** todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE (**Anexo XI**) ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

5º) **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

6º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

#### **BASE 15ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS**

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAPP.

O persoal técnico do servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

#### **BASE 16ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e





## Concello de Vigo

Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **BASE 17ª.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

### **BASE 18ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- O disposto na Base 13ª da convocatoria, cando as contratacións do persoal non se axusten ao procedemento previsto nestas bases ou ao solicitado no proxecto (**Anexo V**), ou ben, cando a/s persoa/s contratada/s non reúnan os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e/ou na oferta de emprego (**Anexo VI**)
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Cuarta
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

**O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.**

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custo dos proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

## **BASE 19ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



## Concello de Vigo

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### **BASE 20ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **BASE 21ª.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

## CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2022.

### **Primeiro.- Obxecto e Finalidade:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, dende **1 de agosto de 2021 ata o 31 de xullo de 2022**. Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía.

### **Segundo.- Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- |   |                                |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais”    | Epígrafes 10.1 e 10.5.         |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.     |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais”         | Epígrafe 5.1                   |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”.          | Epígrafes 5.2                  |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”.            | Epígrafe 10.7                  |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas”             | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |



## Concello de Vigo

### Terceiro.- Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

### Cuarto.- Normativa de aplicación:

Esta convocatoria réxese polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Quinto.- Contía:

A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2022) do Concello de Vigo é de **1.140.000,00 €** (un millón cento corenta e mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”:** 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”:** 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”:** 20.000,00 € (vinte mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 20.000 €.
- 4.- Programa IV: “Entidades empresariais”:** 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 5.- Programa V: “Comunidades de Montes”:** 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).
- 6.- Programa VI: “Entidades deportivas”:** 200.000,00 € (douscentos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

### Sexto.- Prazo de presentación de solicitudes:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da**

**convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e **asinadas electronicamente** con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

**Sétimo.- Documentación:**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

**a) Anexo I: Solicitude:**

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante
- dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- sinatura electrónica: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

No caso de solicitar subvención para os gastos de persoal cuxos contratos xa foran formalizados dentro da convocatoria das subvencións do fomento do emprego do ano 2021 seguindo o procedemento da Base 13<sup>a</sup>.1 e se mantiveran vixentes, sen interrupción, máis aló do 31/07/2021, a entidade solicitante deberá facelo constar así, en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no Anexo V.

**b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente**

**c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas asinada electronicamente.**

**d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas**



## Concello de Vigo

**tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran

### **e) Anexo V: Proxecto de contratacións a realizar asinado electronicamente**

**f) Certificación asinada polo/a secretario/a** ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargo, nome, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste o **nº de socios** e se a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

**g)** Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

### **Oitavo.- Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento, recursos procedentes e medios de notificación:**

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Cultura e Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderase modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas. A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtúe os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%
3. Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar.





## Concello de Vigo

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**8. Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución

tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, no vindeiro exercicio orzamentario.

12. O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

### **Noveno.- Criterios de valoración dos proxectos:**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.

1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Cultura e Emprego, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.

a) Participación en convocatorias de fomento do emprego.....ata 4 puntos:

- Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos
- Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
- Unha (1) convocatoria .....2 puntos

b) Calidade das xustificacións do importe das axudas (\*)......ata 4 puntos:

- Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
- Superior ó 85%.....4 puntos

(\*). Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de "Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro", inmediatamente anterior á presente convocatoria.

2. Representatividade da entidade.....Ata 2 puntos

Nº Socios

De 500 a 1000 socios

1 punto



## Concello de Vigo

De 1001 a 1500 socios ou mais 2 punto

3. Calidade do proxecto.....Ata 10 puntos
- 3.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais....Ata 2 puntos
  - b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos
  - c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.....Ata 2 puntos
  - d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos
  - e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 1 punto
  - f) Formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención.....Ata 1 puntos
  - g) Control de calidade (enquisas de calidade).....Ata 1 puntos

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de tres puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

4. Calidade e cantidade dos contratos.-.....Ata 30 puntos.
- 4.1. Número de beneficiarios/as.....1 punto por contrato.
- 4.2. O tempo de duración do contrato:
- a) 2 meses..... 1,00 punto por contrato.
  - b) 3 meses.....1,25 puntos por contrato.
  - c) 4 meses.....1,50 puntos por contrato.
  - d) 5 meses.....1,75 puntos por contrato.
  - e) 6 meses.....2,00 puntos por contrato.
  - f) 7 meses ou máis.....2,25 puntos por contrato.
- 4.3. Xornada:
- a) Completa.....1,00 puntos por contrato
  - b) Reducida superior ao 50% da xornada.....0,75 puntos por contrato
  - c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%.....0,50 puntos por contrato
  - d) Reducida igual ou inferior ao 15%.....0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo.

### Décimo.- Outros datos:

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de xullo, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 31 de agosto de 2022**. A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa**.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

### **Décimo primeiro.- Publicación:**

A presente convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

### **EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO XX/XX/XX POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2022.**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

### **Primeiro.- Obxecto e Finalidade:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, dende **1 de agosto de 2021 ata o 31 de xullo de 2022**. Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas



## Concello de Vigo

entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía.

### Segundo.- Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- |   |                                |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais”    | Epígrafes 10.1 e 10.5.         |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.     |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais”         | Epígrafe 5.1                   |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”.          | Epígrafes 5.2                  |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”.            | Epígrafe 10.7                  |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas”             | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

### Terceiro.- Bases reguladoras:

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do XX/XX/XX e publicadas en <http://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=e>.

### Cuarto.- Contía:

A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2022) do Concello de Vigo é de **1.140.000,00 €** (un millón cento corenta e mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 20.000,00 € (vinte mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 20.000 €.

**4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

**5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).**

**6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 200.000,00 € (douscentos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

#### **Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes:**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e **asinadas electronicamente** con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

#### **Sexto.- Documentación:**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

##### **a) Anexo I: Solicitude:**

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante
- dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- sinatura electrónica: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.



## Concello de Vigo

No caso de solicitar subvención para os gastos de persoal cuxos contratos xa foran formalizados dentro da convocatoria das subvencións do fomento do emprego do ano 2021 seguindo o procedemento da Base 13ª.1 e se mantiveran vixentes, sen interrupción, máis aló do 31/07/2021, a entidade solicitante deberá facelo constar así, en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no Anexo V.

**b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente**

**c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas asinada electronicamente.**

**d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran

**e) Anexo V: Proxecto de contratacións a realizar asinado electronicamente**

**f) Certificación asinada polo/a secretario/a** ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargos, nomes, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste o **nº de socios** e se a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

**g)** Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou

outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

#### **Sétimo.- Outros datos:**

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de xullo, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 31 de agosto de 2022**. A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa**

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

#### **6(53).-TOMA DE COÑECEMENTO E RATIFICACIÓN DAS SOLICITUDES FORMULADAS NA CAMPAÑA BANDEIRA AZUL 2022: CANDIDATURA BANDEIRA AZUL E SENDEIROS AZUIS. EXPTE. 15774/306.**

Dáse conta do informe-proposta de data 24/01/2022, asinado polo xefe do Servizo de Meio Ambiente e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

##### **Antecedentes**

1.- ADEAC “Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor”, entidade española sen ánimo de lucro, é cofundadora da FEE “Foundation for Environmental Education”, organización internacional sen ánimo de lucro que agrupa a máis de 74 ONGs; constituíndo a súa rama nacional en España que é responsable do desenvolvemento dos seus programas.

Promove, así, a educación ambiental en España e desenvolve a nivel internacional programas como Bandeira Azul (Blue Flag).

A Bandeira Azul é un galardón anual e un sistema de certificación da calidade ambiental desenvolvido pola FEE desde 1987.

Este galardón promove e premia a participación en iniciativas ambientais voluntarias das autoridades municipais, poboación local, visitantes e os axentes do sector turístico.

Os criterios para obter o galardón de Bandeira Azul agrúpanse en catro áreas:





## Concello de Vigo

- Calidade das augas de baño
- Información e educación ambiental
- Xestión ambiental e seguridade, servizos e instalacións.

A Bandeira Azul é concedida por un xurado internacional, presidido pola FEE e con participación, entre outros, dos axentes de NN.UU para o medio ambiente e o turismo, entre as candidaturas seleccionadas polos xurados nacionais.

No xurado nacional para España, presidido por ADEAC, participan as CCAA litorais, a FEMP e os Ministerios, Fundacións e Universidades implicadas.

2.- O Concello de Vigo foi galardoado con dez bandeiras azuis no ano 2021 correspondentes aos dez areais do termo municipal propostos para o galardón: areais da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras e tres sendas azuis denominadas “Camiño a beiramar”, “Entre Faros” e “Senda do Litoral e Monte de Guía”.

3.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os galardóns para o ano 2022:

- Candidatura de once areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2022: areais de A Punta, Carril, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas.

- Renovacións dos galardóns de tres Sendeiros Azuis 2022: Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño á Beiramar”, “Senda entre Faros nas Illas Cíes” e “Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis”.

Os sendeiros azuis configúranse como roteiros que discorren por zonas de interese ambiental do litoral e praias, onde se pode observar a natureza, fauna e flora, e outros elementos de interese, mesmo do patrimonio cultural ao tempo que contribúen o fomento de hábitos de vida saudables.

### Fundamentos de dereito

O artigo 25.2., apartados a) b), h), l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano”, “turismo”, “promoción deporte e ocupación do tempo de lecer”, “patrimonio histórico”.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CCAA, manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 18 e 26 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019), resolución texto refundido do 04/09/2020, competencias en materia medio ambiental, entre as que destacan, desenvolver programas

e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada”.

A protección do medio ambiente, especialmente dos areais, exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ven desenvolvendo diversos programas de sensibilización e educación ambiental: camiño a camiño, hortas urbanas, sendeiros...

En consideración a estas atribucións, a Concellería de Medio Ambiente ven solicitando todos os anos o galardón de Bandeira Azul para diversas praias da cidade que contan con calidade de auga e de servizos de excelencia segundo criterios esixidos para optar a este galardón, tamén, de Sendeiros Azuis que supón a promoción de sendas vinculadas a praias con bandeiras azul. Ditos galardóns supoñen o compromiso de manter os servizos nas praias e sendas nas condicións esixidas na convocatoria do galardón e continuar co desenvolvemento de programas medioambientais.

Ditos galardóns solicítanse a través de medios telemáticos, cumprimentando os cuestionarios correspondentes e achegando a documentación solicita nos prazos establecidos.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os seguintes galardóns para o ano 2022:

- Candidatura de once areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2022: areais de A Punta, Carril, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas.

- Renovación dos galardóns de tres Sendeiros Azuis 2022:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño á Beiramar”. Discorre: Inicia o seu percorrido na Avda. de Madrid e segue o curso do río Lagares durante máis de 8,1 Km ata chegar ás proximidades da súa desembocadura onde se bifurca en dous trazos que, bordeando a costa, nos levan cara ao leste ao areal do Adro (4,5 km), e cara ao oeste ao areal de Canido (2,6 Km).

b) “Senda Entre Faros nas Illas Cíes” que discorre entre o faro do Peito situado na Illa norte ou de Monteagudo, pasa pola praia de Rodas, ata chegar o faro do Montefaro situado na illa



## Concello de Vigo

do mesmo nome ou Media, cunha distancia total de 6 km entre faros (circular 12 km) onde se poden observar os principais valores medioambientais que motivaron a súa declaración como parque nacional.

c) “Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis”, que transcorre polo monte da Guía e os areas de Ríos de Afora, Etea, Punta, cala do Faro e Lagoa, cun percorrido circular de 5,77 km, onde se poden observar elementos naturais de interese medioambiental e etnográfico.

A documentación presentada telemáticamente incorporouse ó expediente administrativo 15774/306 en formato dixital.

Ao abeiro da delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno local de data 18/06/2019 (BOPPO 01/08/2019), resolución texto refundido do 04/09/2020, esta debe tomar coñecemento das ditas peticións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

Tomar coñecemento e ratificar as solicitudes formuladas pola área de Medio Ambiente deste Concello á ADEAC-FEE, a través da súa plataforma telemática, instando os seguintes galardóns en materia medioambiental:

- Candidatura de once areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2022: areas de A Punta, Carril, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaíña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas.

- Renovación dos galardóns de tres Sendeiro Azuis para o 2022:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño á Beiramar”. Discorre: tramo río Lagares, Avda. de Madrid a desembocadura; tramo desembocadura río Lagares á praia do Adro en Bouzas; tramo desembocadura río Lagares ó areal de Canido.

b) Senda Entre Faros nas Illas Cíes que partindo da praia de Rodas, bifurcase e chega ata o faro da illa norte ou de Monteagudo e ata o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media.

c) Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis, que transcorre polo monte da Guía, Praia da Punta e Etea en Teis.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(54).- CONVENIO COA SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U”  
CO FIN DE REGULAR O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE  
FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA  
FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 13758/445.**

Visto o informe de fiscalización do 20/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 19/01/2022, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e Portos, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES.**

i.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2.019 aprobar o Convenio de colaboración entre a Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U" e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal e a súa subscrición pola Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U"; facultando ao Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos para a sinatura do convenio.

II.-En base á referida necesidade a sociedade "Supervisión Y Control, S.A.U" e o Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, asinaron o convenio en data 31 de xullo de 2.019.

III.-As necesidades relativas ás inspeccións técnicas son variables en función da xestión da flota de vehículos e de acordo co alcance do convenio asinado coa sociedade "Supervisión Y Control, S.A.U", e as previsións de realización de inspeccións técnicas para os vehículos da flota municipal para o ano 2022 estimase dende os servizos técnicos do Parque Móbil, un gasto máximo de DEZASETE MIL OITOCENTOS NOVENTA CON ONCE EUROS (17.890,11 EUROS) IVE, taxas e gastos incluídos.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

I.- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

II.-Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

III.- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Lei Orgánica 7/2013, de 27 decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e Lei 5/2014, 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 7/13.

IV.- Bases execución do orzamento do Concello de Vigo de 2.022.

V.- Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro.

VI.- Lei 40/15, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

VII.- Real Decreto legislativo 2/2.004, de 5 marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



## Concello de Vigo

En base ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Autorizar o gasto polo importe máximo de DEZASETE MIL OITOCENTOS NOVENTA CON ONCE EUROS (17.890,11 EUROS) IVE, taxas e gastos incluídos, a favor da mercantil "Supervisión e Control, S.A.U", con cargo a aplicación orzamentaria 9202.227.99.00 "Tramitación documentación de vehículos" correspondente ao orzamento do exercicio 2022, a nivel de bolsa de vinculación, co obxecto de desenvolver no mesmo as inspeccións técnicas dos vehículos municipais, de acordo ao Convenio entre a sociedade "Supervisión e Control, S.A.U e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

**Segundo-** Dar conta do presente acordo á "Supervisión e Control, S.A.U." como concesionaria da prestación do servizo de ITV e asinante do convenio co Concello de Vigo.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(55).- PROPOSTA PARA A APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA PARA A TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DUNHA ORDENANZA CO OBXECTO DE ESTABLECER ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN NON CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 127168/210.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, a concelleira-delegada de Seguridade e pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

#### I.- ANTECEDENTES

I.1.- O xefe da Area de Seguridade e Mobilidade e o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 21 de xaneiro de 2021, emitiron informe xustificativo sobre a necesidade de iniciar procedemento administrativo para a tramitación e aprobación dunha ordenanza co obxecto de establecer zonas de baixas emisións nos seguintes termos:

O artigo 45.1. da Constitución Española recoñece o dereito da cidadanía a desfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo.

O apartado 2 de dito artigo, determina que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, coa finalidade de protexer e mellorar a calidade de

vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Asemade, o artigo 43.1. da Constitución Española recoñece o dereito á protección da saúde

O apartado 2 deste artigo sinala que compete ós poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas -entre outras-.

Segundo os últimos datos facilitados pola OMS, nove de cada dez persoas respiran aire contaminado. E, unha das causas da mala calidade do aire, é o actual modelo de mobilidade e transporte.

O artigo 25.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada da bases de réxime local, establece como materia de competencia propia municipal no seu apartado b) o “medio ambiente urbano, no que se inclúe a protección contra a a contaminacións atmosférica en zonas urbanas” e no seu apartado g) tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, transporte colectivo urbano.

A Lei 34/2007, de 15 de novembro, da calidade do aire e protección da atmosfera establece:

Artigo 5.3. corresponde ás entidades locais exercer aquelas competencias en materia de calidade do aire e protección da atmosfera que teñan atribuídas no ámbito da súa lexislación específica, así como aquelas outras que lles sexan atribuídas no marco da lexislación básica do Estado e da lexislación das comunidades autónomas nesta materia.

Artigo 9.2. As Administracións públicas, no ámbito das súas competencias, adoptarán as medidas necesarias para manter e, no seu caso, mellorar a calidade do aire e cumprir os obxectivos que se establezan, de conformidade co establecido nesta lei.

Por outra banda, o Real Decreto 102/2011, de 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire define e establece os obxectivos de calidade do aire, de acordo co anexo III da Lei 24/2007 antes citada.

As vixentes directrices sobre a calidade do aire ditadas pola OMS recomendan avanzar na mellora da calidade de aire cara niveis máximos de contaminante máis restritivos que o establecido no RD 102/2011.

A Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética establece no seu artigo 1 como obxectivo:

Asegurar o cumprimento, por parte de España, dos obxectivos do Acordo de París, adoptado o 12 de decembro de 2015, asinado por España o 22 de abril de 2016 e publicado no «Boletín Oficial del Estado» o 2 de febreiro de 2017; facilitar a descarbonización da economía española, a súa transición a un modelo circular, de modo que se garanta o uso racional e solidario dos recursos, e promover a adaptación aos impactos do cambio climático e a implantación dun modelo de desenvolvemento sustentable que xere emprego decente e contribúa á redución das desigualdades.



## Concello de Vigo

A Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, no ámbito das súas respectivas competencias, darán cumprimento ao obxecto desta lei e cooperarán e colaborarán para a súa consecución.

Tamén, no seu artigo 14 sobre a promoción de mobilidade sen emisións establece.

1. A Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, no marco das súas respectivas competencias, adoptarán medidas para alcanzar no ano 2050 un parque de turismos e vehículos comerciais lixeiros sen emisións directas de CO<sub>2</sub>, de conformidade co establecido pola normativa comunitaria. Para estes efectos, o Plan nacional integrado de enerxía e clima fixará para o ano 2030 obxectivos de penetración de vehículos matriculados con nulas ou baixas emisións directas de CO<sub>2</sub>, segundo as súas diferentes categorías.

2. En desenvolvemento da Estratexia de descarbonización para 2050, adoptaranse as medidas necesarias, de acordo coa normativa da Unión Europea, para que os turismos e vehículos comerciais lixeiros novos, excluídos os matriculados como vehículos históricos, non destinados a usos comerciais, reduzan paulatinamente as súas emisións, de modo que non máis tarde do ano 2040 sexan vehículos con emisións de 0 g CO<sub>2</sub> /km de conformidade co establecido pola normativa comunitaria. Para tal efecto, logo da consulta co sector, poranse en marcha medidas que faciliten a penetración destes vehículos, que incluírán medidas de apoio á I+D+i.

3. Os municipios de máis de 50.000 habitantes e os territorios insulares adoptarán antes de 2023 plans de mobilidade urbana sustentable que introduzan medidas de mitigación que permitan reducir as emisións derivadas da mobilidade e incluíran, polo menos:

a) O establecemento de zonas de baixas emisións antes de 2023.  
(...)

O disposto neste punto será aplicable aos municipios de máis de 20.000 habitantes cando se superen os valores límite dos contaminantes regulados no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

Os plans de mobilidade urbana sustentable deberán ser coherentes cos plans de calidade do aire con que, de ser o caso, conte o municipio consonte o previsto no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

Enténdese por zona de baixa emisión o ámbito delimitado por unha Administración pública, en exercicio das súas competencias, dentro do seu territorio, de carácter continuo e no cal se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos para mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme a clasificación dos vehículos polo seu nivel de emisións de acordo co establecido no Regulamento xeral de vehículos vixente.

Calquera medida que supoña unha regresión das zonas de baixas emisións xa existentes deberá contar co informe previo do órgano autonómico competente en materia de protección do ambiente.

O artigo 7.9 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, outorga aos municipios a competencia de restrinxir a circulación a determinados vehículos en vías urbanas por motivos medioambientais, e o artigo 18, de acordar polos mesmos motivos a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía, ben con carácter xeral ou para determinados vehículos, así como o peche de determinadas vías.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión do 29 de setembro de 2021, acordou por en marcha zona de baixas emisións (ZBE).

O establecemento de zona de baixas emisión supón restrición de carácter xeral polo que resulta preciso a aprobación dunha disposición de carácter xeral, ordenanza, co obxecto de establecer zonas concretas de baixas emisións, obxectivos, definición e sinalización, restricións, excepcións, incentivos, mecanismos de control e sancións, mecanismos de seguimento, procedementos modificación/ampliación.

I.2.- A concelleira delegada da Área de Economía, Empresa e Seguridade e a Concelleira delegada de Medio Ambiente, en virtude da delegación de competencias do alcalde nos concelleiros delegados de Área de data 4 de setembro de 2020, modificada por outra do 16 de abril de 2021, en data 21/01/2022, acordou o inicio do procedemento administrativo para a tramitación e aprobación dunha Ordenanza municipal co obxecto de establecer zonas de baixas emisións no Concello de Vigo.

I.3.- O Plan Anual Normativo do Concello de Vigo para o ano 2022 inclúe a elaboración desta Ordenanza.

I.4.- A elaboración e aprobación da dita ordenanza require a realización dunha consulta pública previa.

## FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 de la Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen expresamente a potestade regulamentaria aos municipios. Pola súa parte, o artigo 128 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP) recoñece a potestade regulamentaria dos órganos de gobernos locais.

**Segundo.-** A competencias, necesidade e idoneidade dunha Ordenanza específica de zonas de baixas emisións no Concello de Vigo, está xustificada no informe do xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e do xefe de servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo que se transcribe nos antecedentes deste informe.





## Concello de Vigo

**Terceiro.-** En relación coa tramitación dos anteproxectos de lei ou de regulamento debe considerarse o disposto na LPACAP que regula no seu artigo 133 “Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos”. En concreto, no seu apartado 1º dispón:

“Con carácter previo á elaboración do proxecto o anteproxecto de lei ou de regulamento, iniciarase unha consulta pública, a través do portal WEB da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras.”

O artigo 39.1. da Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética (LCLTE) establece, tamén, que os plans, programas, estratexias, instrumentos e disposicións de carácter xeral que se adopten na loita contra o cambio climático e a transición enerxética cara a unha economía baixa en carbono levaranse a cabo baixo fórmulas abertas e canais accesibles que garantan a participación dos axentes sociais e económicos interesados e do público, en xeral, mediante os canais de comunicación, información e difusión, nos termos previstos pola Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (LRAIPMA)

Neste sentido, o artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, antes citada establece o dereito da participación pública na elaboración de planes, programas e disposición de carácter xeral relacionados co medio ambiente.

**Cuarto.-** Polo exposto, ao abeiro do artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Abrir o trámite de consulta pública previsto nos artigos 133 da LPACAP, 39.1 da LCLTE e 16 da LRAIPMA para a redacción, tramitación e aprobación dunha Ordenanza co obxecto de establecer zonas de baixa emisións no Concello de Vigo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do presente acordo.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

**Terceiro.-** Comunicar o presente acordo ás concellerías delegadas das áreas de goberno

municipal con atribucións na materia e dar publicidade deste a través da Intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO I CONSULTA PÚBLICA

### **Antecedentes**

En cumprimento dos artigos 133.1. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, 39.1. da Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética e 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, con carácter previo á elaboración dunha Ordenanza de establecemento de baixas emisións no Concello de Vigo, iniciárase consulta pública a través do portal web deste Concello para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma acerca dos apartados seguintes.

#### **A) Problemas que se pretenden solucionar coa norma**

A contaminación atmosférica que afecta a saúde das persoas e o cambio climático cos gases de efecto invernadoiro.

#### **B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación**

A Lei 7/2021, de cambio climático e transición enerxética, no seu título IV aborda cuestións relativas á mobilidade sen emisións e ao transporte.

En materia de mobilidade indica que os municipios de máis de 50.000 habitantes (e os territorios insulares) adoptarán plans de mobilidade urbana sostible coherentes cos planes de calidade do aire que introduzan medidas de mitigación que permitan reducir as emisións.

Segundo os últimos datos facilitados pola OMS, nove de cada dez persoas respiran aire contaminado. E, unha das causas da mala calidade do aire, é o actual modelo de mobilidade e transporte.

E unha das medidas de mitigación que permiten reducir as emisións e como consecuencia mellorar a calidade do aire é o establecemento de Zonas de Baixas Emisións (ZBE)

Enténdese por ZBE, segundo a Lei 7/2021, “o ámbito delimitado por unha administración pública, en exercicio das súas competencias, dentro do seu territorio, de carácter continuo, e no que se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos para mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme a clasificación dos vehículos polo seu nivel de emisións de acordo có establecido no Regulamento Xeral de Vehículos vixente”



## Concello de Vigo

Por outra banda, no ámbito da regulación do tráfico, o artigo 7.9 do Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, outorga aos municipios a competencia de restrinxir a circulación a determinados vehículos en vías urbanas por motivos medioambientais, e o artigo 18, de acordar por estes motivos a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía, ben con carácter xeral ou para determinados vehículos, así como o peche de determinadas vías.

En base ás necesidades formuladas, e ás competencias municipais, parece necesario e oportuno implantar unha ordenanza municipal que modifique a regulación, restrinxindo o uso do coche privado en función do seu potencial contaminante.

Porque os obxectivos das ZBE son claros:

- Mellorar a calidade do aire e a saúde da cidadanía, reducindo as emisións e o ruído.
- Contribuír á mitigación do cambio climático, reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Xerar modelos de transporte máis sostible.
- Conseguir unha mellor eficiencia enerxética.

As ZBE adoitan implantarse en determinadas zonas do municipio, pero os seus beneficios esténdense a toda su superficie.

Hoxe en día, é coñecido que as ZBE son instrumentos de xestión da mobilidade que van axudar a promover un transvase modal nas cidades cara a modos de transporte máis sostibles, así como a promoción de vehículos alternativos de baixas emisións, como os coches eléctricos. E deben estar aliñados co obxectivo do Plan Integrado de Enerxía e Clima (2021-2030) dunha redución dos desprazamentos urbanos en vehículo privado motorizado do 35% en pasaxeiros/km.

### **C) Obxectivos da norma**

Establecer zonas concretas de baixas emisións no Concello de Vigo, obxectivos, definición e sinalización, restricións, excepcións, incentivos, mecanismos de control e sancións, mecanismos de seguimento, procedementos modificación/ampliación co obxecto de:

- Mellorar a calidade do aire e a saúde da cidadanía, reducindo as emisións e o ruído.
- Contribuír á mitigación do cambio climático, reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro.

### **D) Posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras**

A ordenanza preséntase como unha solución reguladora de carácter xeral das ZBE para toda a cidadanía e con capacidade de establecer medidas, infraccións e sancións obrigatorias que esta conteña.

Outra solución sería a aprobación dun plan de delimitación de ZBE que ao non ter natureza normativa podería efectuar recomendacións, incentivos e a súas medidas obrigatorias para a cidadanía terían que estar expresamente contempladas nunha concreta normativa sectorial.

### **9(56).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209 NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5135/443.**

Visto o informe de fiscalización do 25/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 24/01/2022, asinado polo xefe do Servizo de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 23/03/221 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209 no Concello de Vigo”, a prol da empresa Soltec Ingenieros.

II.- A empresa Soltec Ingenieros presentou borrador de proxecto de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209 no Concello de Vigo”, redactado polo Enxeñeiro Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda.

III.- O Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, en data 09.08.2021 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 10.08.2021 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola nun espazo público que une a Travesía de Vigo n.º 160, coa rúa Alagón n.º 209 e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Inicialmente prantexase coa retirada do mobiliario existente, e a continuación efectúase a demolición da beirarrúa existente, así como o fresado do pavimento de aglomerado así como a demolición do pavimento de formigón, e parcialmente o muro e as escaleiras existentes.
- Una vez efectuada as demolicións procederase a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento a base de tubería de fundición dúctil Ø 100 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubería arquetas y elementos electrónico de regulación. Tamén se contempla a renovación dos



## Concello de Vigo

colectores de saneamento cos Ø de tubería de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros, pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coa redes existentes. A continuación procederase a o recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%., para efectuar a canalización de redes soterrados de alumeadado público, nesta fase de nova instalación de redes tratarase de non afectar as outras redes soterradas existentes (electricidade, gas, telefonía etc.)

- Paralelamente o soterramento de redes efectuarase a escavación necesaria para a formación zapatas de formigón armado na parte do muro de contención e base de foso de ascensor, unha vez efectuadas as cimentacións correspondentes se executará o muro de formigón armado que resolve o empuxe do terreo circundante, co correspondente armado y tipoloxía de formigón proposto, una vez finalizado dito muro de contención executarase a correspondente estrutura con perfilería de aceiro laminada en quente, S275, roblonada nos seus nós, e con protección a intemperie tipo C5-H, que conforma a caixa ou oco do elevador proposto, así como a correspondente zona de recheo e lousa de formigón armado para resolver o acceso entre os desniveis existentes.
- Unha vez finalizada a fase estrutural instalárase o correspondente elevador con todos os seus accesorios de control e seguridade, e instalacións necesarias e auxiliares que garanten o seu funcionamento, así como a súa dotación de instalación para salvar un desnivel de 9,58 mts., aproximadamente, definido tecnicamente no proxecto, para una capacidade de 13 persoas, e pechado lateralmente a base de vidro laminar, sobre carpintería, anclada a estrutura de perfilería metálica.
- Una vez rematada a fase de estrutura proponse pavimentar a base de subbase de zahorra con soleira de formigón en masa, na zona de acceso inferior na zona de escaleiras e plataforma superior acabado a base de lousas de formigón, en zonas de accesos adaptados loseta direccional, e de protección.
- Se prevé tamén a instalación de alumeadado, mobiliario, e acabados decorativos tanto en nivel horizontal como vertical

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SETE) 7 meses.

**V.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 07.01.22 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*(...)*

*No aspecto urbanístico tratase de unha actuación nun vial de titularidade local, e a súa adecuación coa finalidade de salvar altura coa instalación de elemento mecánico, o que no altera o uso existente como vial neste caso dotando o mesmo con unha mellor accesibilidade*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

### **CONCLUSIÓN:**

*Os custos unitarios incluídos no proxecto, considerase adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).



## Concello de Vigo

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209”, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €EUROS), de data xullo de 2021 e sinatura dixital de data 22.12.21.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(57).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA AVDA. CASTELAO, ENTRE AS RÚAS MARTÍN ECHEGARAY E DARÍO DURÁN”. EXPTE. 5111/443.**

Visto o informe de fiscalización do 25/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/2022, asinado pola técnica de xestión, xefe do Servizo de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 23 de abril de 2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de humanización da Avda Castela, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán a favor da empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L.

**II.-** A empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L. presentou borrador de proxecto construtivo de “HUMANIZACIÓN DA AVDA. CASTELAO, ENTRE AS RÚAS MARTÍN ECHEGARAY E DARÍO DURÁN”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. María Ferreiro Núñez.

**III.-** O Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, en data 21 de xullo de 2021 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A actuación se desenrola na Avda. Castela, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán. As obras a executar se enumeran a seguir;

Optimización da sección da rúa, dirixida fundamentalmente á mellora da accesibilidade e seguridade dos peóns. Entre estas actuacións destaca:

- Eliminación de barreiras arquitectónicas que faciliten o tránsito a persoas con algunha discapacidade.

- Mellora dos pasos peonís, tanto na pavimentación como na visibilidade para incrementar a seguridade vial.
- Delimitación das zonas de aparcamentos adaptadas aos usos existentes.
- Renovación das redes de saneamento existentes, proxectando unha nova rede de saneamento separativa.
- Renovación da rede de abastecemento.
- Renovación das canalizacións de alumeadado público e a instalación de novos puntos de luz, cando sea necesario.
- Se incluírán tamén zonas axardinadas dotadas de rego e árbores, así coma distinto mobiliario urbano.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos para os peatóns; a circulación peonil e renovar e mellorar as redes de servizos.

Todo isto levárase a cabo con criterios acordes a actuacións similares no entorno, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

A lonxitude da actuación é de aproximadamente 450 m, dende a intersección coa rúa Martín Echegaray ata a intersección coa rúa Darío Durán e de 30 metros no tramo de actuación da rúa Fotógrafo Luis Casado.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (NOVE) 9 meses.

**V.-** A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 21 de xaneiro de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*

*A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca unha zona de solo urbano que dispón na actualidade de viais xa definidos, sendo as obras propostas de reposición de servizos urbanísticos xa existentes.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

**CONCLUSIÓN:**

*Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo*





## Concello de Vigo

*235 da citada lei.”*

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ➤ ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN DA AVDA. CASTELAO, ENTRE AS RÚAS MARTÍN ECHEGARAY E DARÍO DURÁN”, redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO SETENTA E TRES MIL CATROCENTOS CORENTA EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.173.440,49 €), de data xullo 2021 e con sinatura dixital de data 21 de xaneiro de 2022.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Solicitude de subvención en relación coa Orde do 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as “bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal” cofinanciadas polo fondo europeo. Expte. 7986/252.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

#### **11(58).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN EN RELACIÓN COA ORDE DO 30 DE NOVEMBRO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN AS “BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL” COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO. EXPTE. 7986/252.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 25/01/2022, dáse conta do informe-proposta do 24/01/2022, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe de Área de Inversións, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

Con data 24 de xaneiro de 2021 o Concellero-delegado da Area de Fomento e Servizos, resolve “Iniciar o expediente para a aprobación da participación do Concello de Vigo na



## Concello de Vigo

convocatoria correspondente a ORDE do 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K), en relación as actuacións recollidas na Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia)”.

Esta orde ten por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para a execución de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en concreto, encamiñadas á mellora da xestión dos biorresiduos, ás entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia que teñan asumida a competencia de prestar os servizos de recollida ou de tratamento de residuos municipais (procedemento MT975K), ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para os anos 2022 e 2023.

### a.- Actuacións subvencionables e requisitos

1. Ao abeiro desta orde de axudas serán subvencionables as actuacións que se citan a seguir para cada liña de axuda.

a) Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia).

Os conceptos subvencionables dentro deste tipo de proxectos, así como os requisitos que deben cumprir os mesmos, son os que se recollen na seguinte táboa:

Conceptos financiáveis	Requisitos
Caldeiros domésticos de biorresiduos	O caldeiro para a recollida separada de biorresiduos será de tipo aireado e de cor marrón, total ou parcialmente. Deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior. Inclúense tamén os caldeiros domésticos de achega na vía pública para a recollida separada porta a porta de biorresiduos na vía pública.
Bolsas compostables de uso doméstico	Bolsas compostables para a recollida separada da fracción orgánica que deberán cumprir coa norma UNE-EN 13432. Deberán incorporar, como mínimo, a identificación de que son bolsas compostables específicas para os residuos orgánicos.
Caldeiros comunitarios de biorresiduos	Caldeiros para as comunidades de propietarios. O caldeiro deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior, e deberán ser total ou parcialmente de cor marrón.
Sistemas de achega para o porta a porta	Colgadores e/ou compartimentos de caldeiros ou bolsas individuais ou comunitarios para a recollida porta a porta.

Conceptos financiáveis	Requisitos
Sistemas de identificación de usuario e pesada	Sistemas de identificación de usuario e pesada de caldeiros e contedores e/ou de parede e os sistemas informáticos asociados necesarios (lectores, antenas, software). Non é subvencionable o mantemento, só a adquisición.
Contedores para a vía pública	Os contedores para a recollida separada de biorresiduos na vía pública deberán ser, parcial ou totalmente, de cor marrón ou incorporar unha identificación de cor marrón. A resistencia dos contedores será a equivalente ao peso do contedor cheo de materia orgánica e estes deberán permitir a incorporación de sistemas de identificación e pesado. O contedor incluírá unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior.
Construción de áreas de achega e control de acceso	Construción de áreas de achega pechadas con contedores dentro destas e control de acceso de usuarios, incluíndo a tecnoloxía necesaria, mesmo para limitar a achega da fracción resto.
Sacas reutilizables para a recollida de restos vexetais	Sacas reutilizables para a recollida separada de restos vexetais. As sacas incluírán unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior.
Biotrituradoras	Biotrituradoras transportables ou portátiles para a trituración in situ dos restos vexetais xerados nas podas, para facilitar o transporte destes residuos.
Caldeiros para biorresiduos de grandes xeradores (*)	Deberán ser, parcial ou totalmente, de cor marrón ou incorporar unha identificación de cor marrón. O caldeiro incluírá unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior.
Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores (*)	Bolsas e fundas compostables para a recollida separada da fracción orgánica que deberán cumprir coa norma UNE-EN 13432. Deberán incorporar, como mínimo, a identificación de que son bolsas compostables específicas para os residuos orgánicos.
Camións para a recollida de biorresiduos, preferiblemente non compactadores	Limitado a entidades locais con poboación superior aos 5.000 habitantes, nas que se financiará a adquisición dun camión por proxecto nos concellos ata 60.000 habitantes, e de dous camións en concellos de máis de 60.000 habitantes. A axuda máxima para a adquisición dun camión será de 30.000 €, e terá que ser preferiblemente non compactador. O camión deberá levar serigrafiado nun lugar visible que é para a recollida separada de biorresiduos.
Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación e seguimento do proxecto	As actuacións de formación, información, difusión do proxecto e sensibilización da poboación atendida no proxecto deberán incluír un plan de traballo e unha guía na que se detalle que biorresiduos son obxecto da recollida separada, así como a vixilancia e control.
Campaña de información, difusión e sensibilización aos grandes xeradores e seguimento do proxecto (*)	As actuacións de formación, información, difusión do proxecto e sensibilización dos grandes xeradores atendidos no proxecto deberán incluír un plan de traballo e unha guía na que se detalle que biorresiduos son obxecto da recollida separada, así como a vixilancia e o control.
Nas actuacións que comprendan diferentes fraccións, como campañas de comunicación, peche de contedores, por exemplo, só serán elixibles os custos correspondentes ás porcentaxes asociadas ás fraccións subvencionadas, o que se determinará considerando as porcentaxes da bolsa tipo considerada no PXRUG 2010-2022.	



## Concello de Vigo

Conceptos financiáveis	Requisitos
(*) Entenderanse por grandes xeradores de biorresiduos os restaurantes, maioristas, comedores, servizos de restauración colectiva e establecementos de consumo polo miúdo. A entidade solicitante só poderá solicitar financiamento para estes conceptos se xestiona os biorresiduos destes grandes xeradores de conformidade coas súas ordenanzas (conforme a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados (artigo 12, punto 5c).	

Non se considerarán conceptos subvencionables os custos do servizo de recollida selectiva, o tratamento dos residuos, así como tampouco os custos de mantemento nin os alugueres.

### b.- Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que, de forma indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionable e cumpran o establecido no artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia (en diante, Mecanismo).

En particular, non serán gastos subvencionables os seguintes:

- a) Os gastos non xustificadas correctamente ou que non sexan obxecto de subvención, así como os gastos non imputables ao investimento.
- b) O imposto sobre o valor engadido.
- c) Os gastos financeiros derivados do investimento.
- d) Os investimentos realizados mediante contrato de arrendamento financeiro ou leasing.
- e) Os gastos de persoal.
- f) Os premios ou agasallos non relacionados coa actuación e/ou innecesarios.
- g) Os custos asociados aos servizos de recollida e o tratamento dos residuos municipais.
- h) Respecto dos bens de equipo de segunda man, estes serán subvencionables cando se cumpran os requisitos seguintes:
  - 1º. Que conste unha declaración do vendedor sobre a orixe dos bens e sobre que estes non teñen sido obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
  - 2º. O prezo non poderá ser superior ao valor de mercado e deberá ser inferior ao custo dos bens novos similares, acreditándose estes puntos mediante certificación de taxador independente.
- i) Os custos de alugamentos e pagamento de servizos a terceiros.
- j) No caso de que o proxecto, ou determinados conceptos deste, afecten fluxos de residuos cubertos pola responsabilidade ampliada do produtor, non será financiável a parte atribuíble á responsabilidade ampliada do produtor.
- k) Non se valorarán factores enerxéticos.
- l) Así como todos aqueles gastos que figuren no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

As entidades solicitantes poderán subcontratar a totalidade da actuación subvencionable, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Se é o caso, as entidades subcontratadas deberán comprometerse a cumprir cos estándares máis exixentes en relación coas das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando

as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, así como respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio natural («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco de dito plan, así como a non incorrer en dobre financiamento e que, se é o caso, non lle conste risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado. Para estes efectos, o cumprimento nestes termos acreditarase mediante declaración da subcontrata correspondente, no momento da xustificación (artigo 20.3.h), segundo o modelo incluído como anexo VIII nesta orde.

O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o 90 % do custo total do proxecto. A porcentaxe restante será asumida polo beneficiario/a e será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto que se vaia financiar. O financiamento achegado non é compatible cos Proxectos clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2).

Con base no estudo pormenorizado da situación actual en Galicia respecto do cumprimento das obrigas establecidas en materia de xestión de residuos municipais pola normativa comunitaria, estableceuse unha ratio de investimento por habitante en función das necesidades detectadas neste estudo, así como das características das distintas entidades locais galegas. Polo tanto, a axuda económica que se conceda a cada entidade local de forma individual poderá acadar un límite máximo por concello segundo o indicado a continuación para cada liña subvencionable. Para as entidades locais, supramunicipais e as agrupacións de entidades locais a axuda económica que se conceda poderá acadar un límite máximo, que será a suma do financiamento máximo correspondente a cada concello da entidade local supramunicipal ou da agrupación de entidades locais solicitante, segundo o indicado a continuación para cada liña subvencionable.

a) Liña 1: proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia): a contía máxima da axuda por Concello establécese en función dos seguintes tramos, ata o esgotamento do crédito a que se refire o presente artigo:

1º. Concellos ata 5.000 habitantes: 5 €/habitante.

2º. Concellos ata 30.000 habitantes: 3 €/habitante + 30.000 € (dotación complementaria para o financiamento da adquisición dun camión non compactador destinado á recollida de biorresiduos a grandes xeradores).

3º. Concellos ata 60.000 habitantes: 2 €/habitante + 30.000 € (dotación complementaria para o financiamento da adquisición dun camión non compactador destinado á recollida de biorresiduos a grandes xeradores).

4º. Concellos de máis de 60.000 habitantes: 2 €/habitante + 60.000 € (dotación complementaria para o financiamento da adquisición de dous camiións non compactadores destinados á recollida de biorresiduos a grandes xeradores).

No caso das entidades locais que percibiron axudas previas para este tipo de recollida separada, pero que aínda poden complementala, detraeráselle do importe da axuda máxima prevista o importe da subvención adxudicada en convocatorias previas. As convocatorias de axudas e/ou subvencións precedentes que se consideran para a detracción dos importes correspondentes, ás entidades locais beneficiarias, recóllense no anexo VII desta orde.



## Concello de Vigo

### c.- Solicitudes e prazos

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal> (código de procedemento MT975K). Este formulario xúntase como anexo I a estas bases.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As solicitudes poderaas presentar individualmente un concello ou conxuntamente máis dunha entidade local, ben sexa por medio de entidades de carácter supramunicipal, que pola súa vez teñen a consideración de entidade local, ben baixo a modalidade de agrupación de entidades locais.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o 15 de decembro de 2021 ata o 31 de xaneiro de 2022, ambos incluídos.

### **II.- PROPOSTAS DAS ACTUACIÓN A INCLUIR NA SOLICITUDE:**

Á vista do exposto, e tendo en conta que desde o Servizo de Limpeza e xestión de residuos nos atopamos no desenvolvemento de proxectos que se atopan identificados directamente coas liñas estratéxicas que define a convocatoria, propónse desenvolver unha proposta de acordo coas seguintes consideracións:

O Concello de Vigo ten en fase de licitación o expediente 7645/252, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2021, para a CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR.

O obxecto do contrato é a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais do Concello de Vigo de xeito que se facilite a súa valorización. Inclúe a xestión de todos os residuos, tanto os contenerizados como os non contenerizados.

Contenerízanse as fraccións segregadas de residuos orgánicos, envases lixeiros, envases de vidro, papel e cartón, pilas e acumuladores, roupa e calzado e aceite vexetal. Contenerízase tamén a fracción non separada do resto dos residuos. Para esta xestión dos residuos contenerizados inclúense procesos de implantación, renovación, reparación e lavado dos recipientes (contedores, papeleiras e cubos), incluso os soterrados. Inclúense procesos de recollida mecanizada mediante vehículos compactadores, procesos de transporte a xestor ou planta autorizada, e tamén se inclúe no obxecto do contrato o tratamento final dalgúns deles.

Xestiónanse os residuos non contenerizados das fraccións segregadas de residuos voluminosos, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, biorresiduos forestais domiciliarios, vehículos abandonados, animais domésticos mortos, residuos de construción e demolición e residuos procedentes do baleirado de fosas sépticas. Tamén se xestionan dentro do obxecto deste contrato os residuos mesturados procedentes de vertedoiros incontrolados así como os dispersos tanto nas vías e prazas públicas como nas praias. Para a xestión dos residuos non contenerizados empréganse procedementos de recollida a demanda como o “porta a porta” e o “punto limpo”, e procesos de recollida en masa mediante procedementos manuais ou mecánicos de varrido e baldeo, e de rozado no caso dos residuos silvícolas.

A xestión dos residuos establécese para todo o Termo municipal de Vigo e as súas praias. Incluídos dentro do obxecto do contrato están o mantemento e reposición dos medios materiais e mecánicos (vehículos) necesarios para a correcta prestación dos servizos así como o mantemento dos inmobles e as súas instalacións anexas adscritos á prestación

O novo escenario legal exposto implica obrigatoriamente realizar unha nova análise de cada unha das prestacións vencelladas aos actuais contratos. A primeira novidade que é obrigado introducir no novo modelo para a xestión dos residuos en Vigo, céntrase na evolución do concepto “residuo” ao novo concepto de “materia prima secundaria”. Desaparece polo tanto o concepto de “limpeza viaria” como fin último do proceso, e queda incluído no concepto de “xestión de residuos” como operación necesaria para acadar os fins perseguidos.

Os residuos recollidos por procedementos de limpeza, deben incluírse en procesos que posibiliten a súa reciclaxe. En consecuencia, a correcta xestión destes residuos diseminados no espazo público e as medidas adoptadas para o seu tratamento, atópanse directamente relacionados cos servizos e procesos da recollida global e sostible da totalidade dos residuos da cidade. Non sería oportuno tratalos separadamente dos outros residuos porque a súa natureza é similar.

Da interpretación das metas orientadas pola Axenda 2030, así como do avance do desenvolvemento dos procesos no ámbito da xestión dos residuos e a súa transformación en recursos, debemos ter en conta os seguintes aspectos establecidos para un futuro a medio prazo:

A Comisión Europea, a través do Paquete de Economía Circular, establece que ao menos o 55% dos residuos municipais deben ser preparados para o reciclado no ano 2025, o 60% para o 2030, alcanzando o 65% o ano 2035. Así mesmo, recolle que a cantidade máxima de residuos municipais depositados en vertedoiros non deberá superar o 10% no ano 2035. Ademais, se fixan datas límite para a recollida separada de téxtiles e residuos perigosos, así como de biorresiduos.

A execución e implantación dos retos vinculados á nova realidade na xestión dos residuos municipais debe incluírse no marco dun novo modelo para a xestión municipal dos residuos da cidade de Vigo. Neste senso, no modelo proposto co presente expediente inclúense novos instrumentos de xestión como :





## Concello de Vigo

- Recursos normativos: Definición dun novo Prego de Prescricións Técnicas que posibilita o cumprimento deste novo escenario para a xestión dos residuos e que o fai sostible.
- Recursos técnicos: Establecemento de criterios de xestión que posibilitan os avances requiridos (integración de servizos, incorporación de melloras tecnolóxicas, integración das ferramentas “TICs”, etc).
- Recursos organizativos: Procesos de reorganización e coordinación dos recursos existentes para a optimización e mellora dos procesos.
- Recursos económicos: Equilibrar os custes dos procesos e xerar incentivos para a implantación de novos procesos derivados das fases do reciclado.
- Recursos de formación e comunicación: Fomentar todas as actuacións que faciliten unha nova expectativa de todos os axentes implicados co obxecto de evolucionar cara novas condutas veciñais sobre a xeración e valorización dos residuos.

De todo o indicado neste apartado sobre o novo modelo de xestión dos residuos en Vigo, cabe destacar a obriga legal (artigo 3 da Lei 6/2021 de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia) da recollida diferenciada da materia orgánica compostable, do aceite vexetal e dos residuos téxtiles, xunto co obxectivo de separar para reciclar o 55% en peso de todos os residuos xerados no Concello no ano 2025 e o 60% no 2030. Esta obriga legal queda cumprida co novo modelo de contrato que se presenta.

O desenvolvemento deste contrato leva implícito un plan de investimentos específico para a renovación da rede de contenerización co obxecto de implantar o modelo de recollida selectiva dos residuos para a fracción orgánica (contenedor marrón) de acordo coa seguinte base mínima de actuación:

Tipoloxía de recipientes	Condiciones de renovación/ampliación	Nº unidades totais
Implantación de novos colectores (0,5% do volume inicial anual), puntos limpos de proximidade, etc	≈50 unid/ano incremento	500 unid.
Implantación de novos puntos limpos de proximidade e sistema de devolución e recompensa	dúas unidades de Punto Limpo de proximidade unha unidade SDR	2 unid 1 unid
Renovación colectores Reciclado (300 agrupacións completas; 1 Vidro, 2 Envases, 1 Papel e 1 Resto)	300 * 4 unid reciclaxe 300 * 1 unid. resto	1.200 unid. 300 unid.
Incremento contenedores de reciclado carga traseira C-800L	720 unid.	720 unid.
Fracción orgánica colector Marrón - 800 novas unidades con pechadura de tarxeta	800 unid	800 unid.
Novas fases Fracción orgánica - incorporación de 360 colectores con pechadura de tarxeta	360 unid x tres fases	1.080 unid.

Fracción orgánica Grandes Produtores - mínimo de 250 establecementos C-120L	max 500 unid.	500 unid.
Roupa e Calzado	300 unid	300 unid.
Aceite vexetal	300 unid	300 unid.
Renovación de colectores da fracción "RESTO"	1.000 unid novas	1.000 unid.

O desenvolvemento destas actuación atopase regulado no marco do contrato destacando as seguintes consideracións:

- A adquisición dos medios propostos no PLAN DE INVESTIMENTOS, deberá ser executado previa solicitude por parte do adxudicatario ao responsable do contrato. Para este proceso o adxudicatario deberá presentar a ficha específica dos elementos a adquirir e atendendo a evolución tecnolóxica dos medios previstos para estes investimentos. O Concello de Vigo poderá solicitar ao adxudicatario a mellora da proposta sempre que se atope dentro dos límites económicos máximos do PLAN DE INVESTIMENTOS.
- En todo caso a adquisición dos medios deberá ser autorizada de forma expresa por parte do responsable do contrato, antes de que o adxudicatario comprometa o pedido do material.
- En relación ás necesidades propostas no PLAN DE INVESTIMENTOS, o Concello de Vigo poderá propoñer unha compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas, tanto que o beneficiario sexa unha entidade pública como cando o beneficiario sexan entidades privadas, que poidan ser de aplicación a estes investimentos. A empresa queda obrigado a prestar colaboración que se lle require neste documento. Así durante o período de execución do presente contrato pode existir a posibilidade de acudir a diversas convocatorias de subvención tanto de outras administracións no Estado Español, como no ámbito da Unión Europea.
- O modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS poderá ser revisado polo Concello de Vigo co obxecto do desenvolvemento de calquera proxecto de solicitude de achegas que posibiliten a realización de melloras no ámbito deste contrato. Sobre todo aquelas que posibiliten actuacións referentes ás obrigas derivadas da transición enerxética e a mellora da sustentabilidade ambiental neste sector.

Estimación dos custes das necesidades establecidas como base da proposta para a modernización e renovación do parque de recipientes para residuos adscritos aos servizos obxecto do contrato:

Para a determinación deste custe se ten en conta a estimación indicada a modo orientativo e non limitativo das necesidades de renovación do parque de contenedores adscritos aos servizos obxecto do contrato. Esta proposta poderá ser mellorada por cada licitador en base a súa proposta organizativa e o seu criterio técnico co obxecto de mellorar a xestión dos medios a aplicar á execución das prestacións obxecto do contrato.



## Concello de Vigo

A determinación dos prezos indicados nesta hipótese para a determinación do importe máximo do plan de investimentos, atópase xustificada en base aos custes dos elementos incorporados nos plans de investimentos executados durante os últimos 4 anos dos contratos en vigor a esta data. Estas referencias de custes unitarios garanten a reposición dos medios necesarios para unha adecuada xestión das obrigas das prestacións incluídas neste contrato.

Tipoloxía de contenedores	Nº unidades totais	Estimación custe unitario	Estimación total (sen/ive)
Implantación de novos recipientes (0,5% anual do volume inicial), (esta porcentaxe inclúe a diversidade dos recipientes da cidade, con varios volumes e tipoloxías diferentes, polo que a estimación de custe unitario refírese a un prezo medio)	500 unid.	700,00 €	350.000,00 €
Implantación de dous puntos limpos de proximidade e un sistema de devolución e recompensa de residuos SDR	2 unid 1 unid	20.000 € 13.500 €	40.000 € 13.500 € (total 53.500 €)
Renovación Contedor Reciclado (300 agrupacións completas; 1 Vidro, 2 Envases, 1 Papel e 1 Resto)	1.200 unid. 300 unid. (total 1.500)	870,00 € 900,00 € (media 888,00 €)	1.044.000,00 € 270.000,00 € (total 1.332.000,00)
Incremento contedores de reciclado carga traseira C-800L	720 unid.	205,00 €	147.600,00 €
Fracción orgánica Contenedor Marrón - 800 novas unidades con cerradura de tarxeta	800 unid.	1.000,00 €	800.000,00 €
Novas fases Fracción orgánica - incorporación de 360 contenedores con cerradura de tarxeta	1.080 unid.	1.000,00 €	1.080.000,00 €
Fracción orgánica Grandes produtores - mínimo de 250 establecementos C-120L	500 unid.	60,00 €	30.000,00 €
Roupa e Calzado	300 unid.	668,00 €	200.400,00 €
Aceite vexetal	300 unid.	415,00 €	124.500,00 €
Renovación de contenedores da fracción "RESTO"	1.000 unid.	900,00 €	900.000,00 €
<b>ALCANCE ECONÓMICO TOTAL:</b>			<b>5.000.000,00 €</b>

A execución do plan de investimentos en relación a implantación do proceso de recollida selectiva da fracción “orgánica” (contenedor marrón) responde no contrato a seguinte planificación de execución:

O adxudicatario debe implantar no primeiro ano do contrato, 800 novas unidades de recipientes tipo colector de carga lateral con pechadura.

Establécese unha implantación inicial de 800 novas unidades de colector de carga lateral a implantar no primeiro ano do contrato (doce meses dende o inicio da prestación) segundo o indicado neste capítulo (Fase 1).

As unidades a adquirir e implantar na vía pública polo adxudicatario, disporán de pechadura e apertura mediante a tarxeta PASS-VIGO.

Os recipientes irán rotulados coa mesma imaxe corporativa do servizo que teñen os actuais. O custo desta implantación está incluída no prezo do contrato e debe quedar reflectido nas ofertas presentadas.

Comenzando pola implantación inicial obrigatoria, os licitadores proporán na súa oferta un proxecto para a recollida, transporte e valorización da fracción orgánica dos residuos xerados na cidade. O proxecto incluirá a xestión completa integrada e sostible do servizo, dende a prerrecollida mediante recipientes comunitarios na vía pública (indicará as localizacións), a recollida, o transporte e a valorización do residuo nunha instalación autorizada.

As seguintes fases executaranse no ano tres do contrato coa implantación de 360 unidades máis de colectores comunitarios idénticos aos da fase un e unha terceira e derradeira fase implantarase ao ano seguinte incrementando 720 unidades máis de colectores deste tipo.

### III.- REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DO PROXECTO:

A vista destes antecedentes e tendo en conta o próximo proceso de implantación do sistema de **recollida separada de biorresiduos** e de acordo coa identificación da condición de beneficiario da convocatoria, o Concello de Vigo cumpre a mesma en base as seguintes condicións na liña 1 recollida separada de biorresiduos, por non ter implantada una rede para a recollida separada de biorresiduos previamente a convocatoria, polo cal procede a presentación desta proposta de acordo as seguintes obrigas:

- (a) As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal> (código de procedemento MT975K). Formulario anexo I das bases.
- (b) As solicitudes (anexo I) serán subscribas directamente polas persoas que desempeñen a súa representación. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.
- (c) No formulario de solicitude (anexo I) as entidades solicitantes indicarán as actuacións e conceptos subvencionables a que concorren nesta convocatoria, así como o investimento e a temporalidade de execución previstos.
- (d) O prazo de presentación de solicitudes será desde o 15 de decembro de 2021 ata o 31 de xaneiro de 2022, ambos incluídos.

Coa solicitude se deberá presentar a seguinte documentación complementaria:



## Concello de Vigo

- i. Acreditación do nomeamento da persoa representante para as súas relacións coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- ii. Certificación do/da secretario/a do concello en que conste o acordo adoptado polo órgano competente e que recolla a decisión da entidade ou entidades locais polo cal se aproba a súa participación nesta convocatoria (anexo II).
- iii. Declaración responsable en que se faga constar que se dispón de crédito suficiente no orzamento da entidade local para o pagamento da parte proposta para o cofinanciamento pola súa parte, no suposto de que a entidade local achegue fondos ao proxecto/actividade/actuación para a que se solicita subvención.
- iv. Certificación de que a entidade solicitante remitiu ao Consello de Contas de Galicia as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigada. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes (anexo II).
- v. Declaración, por parte da entidade solicitante, do compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) no sentido do artigo 8, punto 2.e), da Orden HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación y resiliencia (anexo III).

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recollidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediario de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitar-se novamente á persoa interesada a súa achega.

#### Período subvencionable e prazo de execución

O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2023, ambos incluídos, ben que condicionado ao exercicio orzamentario ao que se queira imputar e tendo en conta as datas límite para a súa xustificación segundo o sinalado neste mesmo artigo.

Non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude. Entenderase que un proxecto está concluído materialmente cando estea implantado e en funcionamento.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para solicitar o aboamento da axuda e a súa xustificación consonte o establecido no parágrafo seguinte.

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será:

- a) O 30 de novembro de 2022 para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2022. Inclúranse neste orzamento as actuacións executadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2022, se é o caso.
- b) O 30 de novembro de 2023 para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2023.

#### **IV.- PROPOSTA:**

O proxecto que se propón para a participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente a ORDE do 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K), en relación as actuacións recollidas na Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia)", correspondese coa seguinte:

**Proxecto de implantación do proceso de recollida separada de biorresiduos** a través da adquisición de 800 contenedores (2.000 litros/ud) para a fracción orgánica (contenedor marrón) con pechadura electrónica para apertura mediante tarxeta de proximidade.

Tendo en conta que os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para solicitar o aboamento da axuda de



## Concello de Vigo

acordo cos prazos establecidos na convocatoria, a solicitude de axuda será para o período do ano 2023.

Importe da solicitude de axuda:

Actuación:

Tipoloxía de contenedores	Nº unidades totais	Estimación custe unitario	Estimación total (sen/ive)
Fracción orgánica Contenedor Marrón - 800 novas unidades de 2.000 Ltros con cerradura de tarxeta	800 unid.	1.000,00 €	800.000,00 €

- Importe da axuda: 90 % da actuación sen IVE= 720.000,00 € importe sen IVE
- Limite de convocatoria para Concellos de máis de 60.000 habitantes: 2 €/habitante = 293.837 hab (INE 2021) = 587.674,00 € importe sen IVE
- **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN: 587.674,00 €**

En relación a obriga de acreditar que a entidade solicitante dispón de crédito suficiente no orzamento da entidade local para o pagamento da parte proposta para o cofinanciamento pola súa parte, no suposto de que a entidade local achegue fondos ao proxecto/actividade/actuación para a que se solicita subvención, debese indicar que a actuación proposta se atopa incluída dentro do plan de investimentos do expediente de contratación 7645/252, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2021, para a CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR, o cal conta co correspondente informe de fiscalización en relación a necesidade de existencia de crédito para a execución de dito contrato.

Por todo o exposto e unha vez incorpórense ao expediente o correspondente informe xurídico e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar o proxecto para o que se solicita a subvención. O proxecto desenvolverase de acordo co seguinte programa de actuación e alcance económico:

**Proxecto de implantación do proceso de recollida separada de biorresiduos** a través da adquisición de 800 contenedores (2.000 litros) para a fracción orgánica (contenedor marrón) con tarxeta electrónica de apertura.

Tendo en conta que os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para solicitar o aboamento da axuda de acordo cos prazos establecidos na convocatoria, a solicitude de axuda será para o período do ano 2023.

Importe da solicitude de axuda:

Actuación:

Tipoloxía de contenedores	Nº unidades totais	Estimación custe unitario	Estimación total (sen/ive)
Fracción orgánica Contenedor Marrón - 800 novas unidades de 2.000 Ltros con cerradura de tarxeta	800 unid.	1.000,00 €	800.000,00 €

- Importe da axuda: 90 % da actuación sen IVE= 720.000,00 € importe sen IVE
- Limite de convocatoria para Concellos de máis de 60.000 habitantes: 2 €/habitante = 293.837 hab (INE 2021) = 587.674,00 € importe sen IVE
- **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN: 587.674,00 €**

**Segundo:** Aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria regulada pola “ORDE do 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K), en relación as actuación recollidas na Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia)”, aceptando de forma expresa o procedemento regulado nesta orde.

**Terceiro:** Aprobar o compromiso de que o Concello de Vigo a través do “Servizo de Limpeza e Xestión de Residuos” disporá de todos os medios humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e garantir a súa operatividade dentro do prazo establecido para a súa xustificación no período do ano 2023.

**Cuarto:** Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegada da Área de Fomento e Servizos, D. Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención na convocatoria regulada pola “RDE do 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K), en relación as actuación recollidas na Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada





## Concello de Vigo

de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia)", de acordo ao proxecto indicado no punto primeiro deste acordo.

Dita delegación alcanza a todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria en relación a memoria técnica e resúmen executivo sobre as actuacións incluídas no proxecto aprobado no apartado primeiro, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma na sede electrónica do Ministerio de Política Territorial.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(59).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez